



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE XOVE E O CLUBE NATACIÓN XOVE PARA O EXERCICIO 2018

Reunidos en Xove, ás 12 horas do día 3 de abril de 2018.

De unha parte, D. Demetrio Salgueiro Rapa, ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE XOVE, en diante o Concello, con D.N.I. núm. 33.993.648 Q asistido do Secretario da Corporación D. Luis María Fernández del Olmo, con D.N.I. 10.588.613B, que da fe do acto.

De outra parte D. Bernardo Rouco Galdo , con D.N.I. 33307101 L., actuando en nome e representación do CLUB NATACIÓN XOVE, con C.I.F. G-27106749, inscrito no Rexistro Municipal de Asociacións co número 4 e domicilio social en Camión Real s/n - 27870 Xove.

Ambas partes recoñécense mutua e recíprocamente a capacidade legal suficiente e necesaria para este acto e libremente

MANIFESTAN

Que o Concello en virtude das súas competencias en materia deportiva considera preciso establecer unha estreita colaboración coas entidades cidadás que participan no proceso de execución de proxectos, programas ou actividades relacionadas con esta materia.

Que a Asociación é unha entidade sen ánimo de lucre, rexistrada no Rexistro Municipal de Asociacións co número 1 e que segundo os seus estatutos entre os seus fins está a organización de actividades deportivas no eido fundamentalmente da formación en deporte base.

Que na Base de Execución núm. 30ª do Orzamento Municipal de 2018 figura prevista unha axuda por importe de 25.000'00 € a favor de dita asociación, con cargo á aplicación orzamentaria 341.489.



Que o presente Convenio se formaliza para dar cumprimento ao previsto no artigo 22.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o artigo 16 da Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Xove.

Polo anteriormente exposto, o Concello de Xove e a Asociación subscriben o presente Convenio Reguladora da Subvención e mutua colaboración, que se rexerá polas seguintes

CLAÚSULAS

PRIMEIRA. Obxecto do Convenio

O presente Convenio ten por obxecto regular a subvención, de carácter discrecional, concedida polo Concello de Xove ao CLUB NATAción XOVE , para a anualidade de 2018, que figura nominativamente no Orzamento do Concello de Xove de 2018, na aplicación orzamentaria 334.489 para financiar o programa/actividade presentado na solicitude de subvención , en virtude do acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de 2 de abril de 2018. O importe da axuda concedida ascende a 25.000'00 euros.

Consonte ao recollido no artigo 17 da lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a percepción da presente axuda será compatible coa de outras axudas ou subvencións para a mesma finalidade procedentes de entes públicos ou privados, sempre e cando o importe da totalidade das axudas percibidas non supere o coste do programa ou actividade subvencionada.

SEGUNDA.- Obrigas da entidade

- 1.- Destinar a totalidade dos fondos recibidos exclusivamente á finalidade para a que foi concedida a subvención e executar o proxecto ou actividade subvencionada dentro do ano 2018
- 2.- Proporcionar o persoal necesario para o normal funcionamento da actividade, xa sexa a través de persoal propio ou contratado ou en colaboración, responsabilizándose de todas as obrigas de natureza laboral e fiscal que se deriven (impostos, seguridade social, etc.)



3.- Someterse ás actuacións de comprobación e organización, que os órganos competentes do Concello realicen

4.- Notificar ao Concello calquera modificación que se pretenda realizar no proxecto inicialmente presentado, que deberá ser autorizado previamente.

5.- Facer constar de xeito claro que a actividade ou programa está subvencionado ou patrocinado polo Concello de Xove, nos exemplares dos programas, carteles, convocatorias de actividades e en toda a información gráfica, escrita e sonora que se realice con motivo do programa.

6.- Presentar a conta xustificativa da subvención concedida dentro do prazo establecido

7.- Proceder ao reintegro da parte da axuda non xustificada, no seu caso e, en xeral, no suposto de incumprimento dos requisitos e obrigas establecidas para a concesión e, en todo caso, nos supostos regulados no artigo 33 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, e nos artigos 74 a 76 do RD 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.

TERCERA.- Obrigas do Concello de Xove

1.- Aboar, consonte o establecido na Base 32 das de Execución do Orzamento Municipal de 2018, o 70% do importe a conceder (17.500'00 €) en concepto de pagamento anticipado

2.- Proceder ao abono do 30% restante unha vez presentada a conta xustificativa da subvención concedida e tendo sido fiscalizada de conformidade.

CUARTA.- Gastos subvencionables

Serán subvencionables todos aqueles gastos que resulten inherentes ao desenvolvemento do programa ou actividade na que se basa a concesión da axuda, que sexan imprescindibles para o cumprimento da finalidade para a que se concede a subvención.

Non terán a consideración de subvencionables os gastos de investimento ou de natureza inventariable así como tampouco os impostos, taxas, recargas e sancións administrativas ou penais e os gastos de procedementos xudiciais.



Consonte ao establecido na Base 34 das de Execución do Orzamento Municipal de 2018, considerarase como gasto realizado aquel gasto do que se teña constancia documental sen necesidade de que figure efectivamente pagado no momento da xustificación da subvención. Non obstante, o beneficiario deberá presentar os documentos acreditativos do pagamento dos gastos presentados como xustificante antes do 20 de decembro de 2018.

QUINTA.- Forma de solicitude e xustificación da axuda

En tanto en canto non figure activa a Sede Electrónica do Concello de Xove aos efectos da presentación telemática tanto da solicitude coma da xustificación da axuda concedida, esta documentación poderá seguirse presentado en papel nos modelos formalizados existentes aos efectos.

Unha vez activa, a Sede Electrónica será o único xeito posible de solicitar e xustificar as subvencións recibidas por parte do Concello de Xove.

SEXTA.- Forma e prazo de xustificación

1.- A xustificación do cumprimento das condicións impostas e da consecución dos obxectivos previstos no acto de concesión da subvención realizarase mediante a presentación da CONTA XUSTIFICATIVA.

A rendición da conta xustificativa constitúe un acto obrigatorio que deberá comprender:

1) Unha memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

2) Unha relación desagregada por conceptos de gasto nos que se incurriu para o desenvolvemento da actividade subvencionada

3) Detalle de cada un dos gastos que se presenta como xustificante da axuda concedida no que se indiquen os datos do proveedor, datos das facturas presentadas e importe subvencionable. Facilitarase modelo ao efecto

4) Facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil e con eficacia administrativa (nóminas, TCs, cartas de



pagamento oficiais, etc.). As facturas deberán cumprir os requisitos establecidos para a súa expedición no R.D. 1496/2003, ademáis de estar datadas no período subvencionable.

Deberá aportarse o orixinal que será obxecto de unha estampilla. O estampillado consistirá nunha impresión sobre o documento orixinal da expresión "documento xustificativo da subvención outorgada polo Concello de Xove para CLUBE NATACIÓN XOVE , 2018" . Unha vez estampillada a factura, efectuarase copia cotexada da mesma aos efectos da devolución do documento orixinal ao beneficiario.

Con carácter excepcional aceptárase a xustificación do pagamento mediante "tickets" do proveedor para gastos de escasa contía por importes inferiores a 50 euros, e nos que figure o selo do establecemento así como a denominación e o CIF da entidade beneficiaria da subvención.

Caso de que unha parte da documentación presentada para a xustificación da subvención consista na concesión de premios, ésta deberá ir asinada polo receptor do premio mailo representante legal da entidade beneficiaria da axuda.

Consonte o establecido na Base Cuarta do presente Convenio, considerarase como gasto realizado aquel gasto do que se teña constancia documental sen necesidade de que figure efectivamente pagado no momento da xustificación da subvención. Non obstante, todo beneficiario dunha subvención nominativa do Concello deberá presentar os documentos acreditativos do pagamento dos gastos presentados como xustificante antes do 20 de decembro do ano correspondente.

Entenderase por documento acreditativo de pagamento, extracto ou certificación bancaria de transferencia, salvo que se trate de pagos inferiores a 100 euros no que se admitirá a expresión "pagado" estampillada na factura polo establecemento comercial correspondente. A estes efectos, en ningún caso poderá obter a condición de beneficiario dunha nova subvención municipal aquela asociación que non tivera presentado os xustificantes de pago correspondentes.

5) Relación desagregada de todos os ingresos que financian a actividade (fondos propios, axuda concedida do Concello, outras axudas, etc.)

6) No seu caso, un exemplar da documentación impresa xerada pola actividade que acredite a participación do Concello no financiamento da actividade subvencionada.



7) Certificados acreditativos de non ser debedor á Facenda Estatal, Autonómica, Seguridade Social nin ao Concello de Xove. Non obstante, no momento da solicitude da subvención, o petionario deberá indicar se autoriza ou non ao Concello de Xove para a obtención de oficio destes certificados.

Consonte ó artigo 24 do RD 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, para axudas de importe inferior a 3.000,00 €, non se esixirán estas certificacións, que serán substituídas por unha nova declaración de non ter débedas pendentes con aqueles organismos.

8) Declaración xurada de outras axudas solicitadas ou concedidas por outras administracións ou entes públicos ou privados para o mesmo fin

9) Certificación acreditativa do cumprimento dos requisitos e condicións da subvención así como da realización da actividade ou proxecto subvencionable e o cumprimento da finalidade para a que aquela foi concedida. (Modelo que se facilitarán ao efecto).

10) Certificación acreditativa de que o importe do IVE dos gastos en que se incurriu non resulta recuperable por ningún concepto de acordo coa lexislación vixente (modelo que se facilitará ao efecto).

2.- A xustificación das subvencións deberá realizarse **antes do 20 de decembro** do ano correspondente debendo xustificarse a totalidade da axuda concedida. Caso de que así non fose, procederáse pola Xunta de Goberno Local, previo informe da Interventora Municipal, á redución da contía concedida e reflectida no correspondente Convenio de xeito proporcional á contía xustificada.

3.- Toda a documentación presentada deberá vir asinada polo representante legal da entidade ou asociación.

SÉTIMA.- Réxime xurídico

Para todo o non previsto neste Convenio estarase ao disposto no Capítulo 3º do Título III das Bases de Execución do Orzamento Municipal para 2018, na Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Xove, na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de



CONCELLO DE XOVE

Camiño Real, s/n. - C.P. 27870 Tfno.: 982 59 20 01 Fax: 982 59 21 54 C.I.F.: P - 2702500 - F R.E.L. 01270253 email: concello@xove.es


Subvencións de Galicia, no RD 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, de 13 de xuño, na Lei 38/2003, Xeral de Subvencións e no RD 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da lei 38/2003.

Para que así conste e en proba de conformidade, asinan ámbalas dúas partes no lugar e na data sinaladas no encabezamento.

O Alcalde,

Asdo. José Demetrio Salgueiro Rapa

O representante legal da entidade



Asdo. Bernardo Rouco Galdo

O Secretario Municipal,

Asdo. Luis María Fernández del Olmo